


Dominical

El Correo Gallego • 2 de septiembre de 1990



Unha bremanza chamada Fiz Vergara Vilarinho

B

REMANZA é unha palabra do Val do Lóuzara, en terras ligadas entre Famos e o Courel, que significa algo así como angustia ou desespero. Ou aínda anguria desesperada. ¿Que é o espavilado capaz de precizar o significado xusto, matricónico dunha palabra? A palabra non ten significado —sen a aberrante e monstruosa— senon significados. O que resta significados polivalentes é, precisamente, a gran maravilla da palabra, o grande milagro do mundo que dicía Luis Pimentel.

Fiz Vergara Vilarinho é un dos poetas da nosa preferencia dende hai anos. A súa aparición á poesía, dende *Encontro con Océano* de 1973, pasando por *Océano de si en terra alenteira*, *Poeta muniñeiro á deriva* e agora *Nos eidos da bremanza* é unha aparición tonitral e imprescindible. Trátase dun canto estremeado, inevitabel e auténtico, agromado dende a fonema inevitable do ser humano. Son unhas palabras necesarias que sabemos nos acompañarán pra sempre, clarificando o noso mundo interior. E o exterior.

Nos eidos da bremanza é un conxunto de poemas dunha perfección formal extraordinaria, algo que agradeceremos —e supoñemos que os lectores tamén— dun xeito especial e máis nesta época na que nos intentan meter tanto gaso por lebre. O poeta — neste caso — sabe o que quere dicir e como dicelo. A palabra queda no seu lugar: dun xeito insustituíbel. Pra chegar a tal extremo de perfección compoñe moitas sensibilidade, moito traballo, moita intelixencia, de tal xeito que o labor de linimento non se nota. Podemos dicir que este poemario é un dos libros máis integrados formalmente e máis fermosos escritos en lingua gallega.

Sen cobiña de preguntas clase o ser humano ten unha problemática esencial que se repite ao longo do tempo: o propio existir e amor, a morte e a paisaxe. Fiz Vergara Vilarinho, ao medio de



Por Manuel María

tantas trivialidade que nos rodea, de aprender ao que verdadeiramente non importa, dando un exemplo claro de vida poética — é dicir de vivir en tensión, en intensidade — como nos ensinou Hilda Doolittle, o único xeito de existencia que vale a pena de ser vivida. O resto é, en todo caso, vexetar, pasar solta a vida sen que a vida entre en nós.

Neste senso *Nos eidos da bremanza* é a testemuña dunha vida chea de amor, instalada na aceptación de existir — unha existencia dura, traballada pola dor e polo silencio — e de comunicación — de co-in-xestión — cos paisaxe. Así home amor-paisaxe fúndese, a *través do fin* crisis: dunha conciencia alerta e vivante, pra darnos a felicitad inmarcescible e irrepresal da beleza.

Somentos máis, creva fuxitiva, fúla do sol bebedo e soñadora, varada de soncer, ave cantora, tremendo mansión de auga viva.

En todo o poemario a realidade real — e vale a expresión — e a realidade soñada son a mesma cousa, única e indivisíbel. Unamuro e os existencialistas están aclarado este feito, fundamental pra comprender a totalidade do ser humano. ¿E máis verdadeiro un amor cotidiano e pouco que un amor soñado e visible en toda a súa intensidade na nosa imaxinación? ¿Por nos realizamos duns xeitos máis completos habitando o reino da fantasía que residindo na vulgaridade deste, pouco a vez de cada día?

A derradeira parte do libro ten o sorprendente título de *Sopas de burro coito*. Esta parte é, en certo senso, o resumo de todo o poemario. Pese a calidade prosaica deste subtítulo — ou coetis por el — esta parte non pode ser máis poética. Non resistimos a tentación de reproducir o verso *Can doente*:

*Lámberme o corazón, fiel can doente,
artigo compateliro co trituro,
lámberme o corazón e meño duro
pena de me sentir orxo no abrente.*

*Lámberme o peito todo nun repente,
inantes que me troque en cinza escuro
sufriendo nos conxostos a pavura
de me topar con Eina lante do fronte.*

*Lámberme, meu peito, a carne viva
que ald dentro se torno de cinto
nun fatal de sacouzo que cantivo.*

*Lámberme, compañeiro fuxido...
xa que oidas (como máis, con voz cativo,
lámberme todo enteiro, flo a flo.
¿Onde está a bremanza?, preguntado o atento e curioso leu-
enda. En todo o volante, dende o pródigo un derradeiro verso.
E tamén se ar, no misterio e no silencio que envolve, maximamente, a todo o poemario. E cando outros maticos que cada un de nós pode ir descubrindo por si mesmo.*

Somos conocedores de que non facemos unha crítica do libro. Que a fogos re entocados, se son capaces. Nós só quixemos dar noticia dunhas poemas que nos trouxeron. Que siplaron o máis fondo de nós mesmo e que compoñe leer cos ollos da sensibilidade ben abertos. Prezo a tanta retórica, construída máis ou menos sablamente, atopamos esta poesía fermamente humana que, ao mellor non deslumbra. Pra que nos fai vibrar.

Fiz Vergara Vilarinho, no medio de tanta trivialidade que nos rodea, de aprender ao que verdadeiramente non importa, dando un exemplo claro de vida poética — é dicir de vivir en tensión, en intensidade — como nos ensinou Hilda Doolittle, o único xeito de existencia que vale a pena

de vivir poéticamente — é dicir de vivir en tensión — como nos ensinou Hilda Doolittle, o único xeito de existencia que vale a pena